



## Concello de Guitiriz

### DECRETO RESOLUCIÓN DE PROCESO DE SELECCIÓN DE FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE TRABALLO DE CONSERXE DE COLEXIO OU INSTALACIÓNS MUNICIPAIS E NOMEAMENTO DE ASPIRANTE APROBADO. EXPTE 861/2019.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Concello de Guitiriz aprobou por acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/08/2020 bases reguladoras do proceso selectivo para a selección de funcionario interino para o posto de traballo de conserxe de colexio ou instalacións municipais.
- No Boletín Oficial da provincia de Lugo número 198, do 29 de agosto de 2020, foi publicado o anuncio da convocatoria con apertura do prazo de 15 días hábiles para presentación de instancias. As bases íntegras publicáronse na sede electrónica e na web municipais.
- Por Decreto da Alcaldía nº2020-712 de data 18/10/2020 aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, outorgando un prazo de 10 días hábiles para reclamacións dende a súa publicación o 19/10/2020 na sede electrónica, taboleiro de anuncios e páxina web municipal.
- Emendas de instancias presentadas polos interesados no prazo outorgado ao efecto.
- Por Decreto da Alcaldía nº2020-461 de data 08/06/2021 aprobouse a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo, convocando aos aspirantes ao exame.
- Actas nº1, nº2, nº3 e nº4 do Tribunal de Selección, así como os distintos anuncios dos resultados publicados no taboleiro de edictos da Sede Electrónica.
- Documentación presentada por Alberto del Río del Río con data 30/07/2021 e RE: 3299.
- Informe de fiscalización da intervención de data 25/08/2021.

Considerando o disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; no Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril; no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, do 30 de outubro; na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; na Lei 5/1997, do 22 de xuño, da Administración Local de Galicia; no Texto refundido do Estatuto dos Traballadores; e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Considerando o establecido nos artigos 21.1 h), da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Réxime Local, e 61.1h) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, que atribúen á Alcaldía a xefatura superior de todo o persoal.

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** De conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, avogar para este caso concreto a competencia de alcaldía en materia de selección de persoal na Xunta de Goberno Local por Decreto de data 19/06/2019, por motivos de urxencia xa que a resolución deste expediente non pode demorarse ata a seguinte sesión da Xunta de Goberno Local, de data posterior á necesidade de

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

incorporación do funcionario interino o 01/09/2021.

**SEGUNDO.-** Resolver o proceso selectivo dun funcionario interino mediante o sistema de oposición, convocado pola Xunta de Goberno Local de data 13/08/2020 e publicado no BOP de data 29/08/2020, de acordo coa proposta do Tribunal seleccionador de data 26/07/2021, a favor de Alberto del Río del Río para ocupar o posto de conserxe de colexio e outras instalacións municipais adscrito á Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servizo de Medio Ambiente e Infraestruturas, segundo a ficha nº 14 da RPT (Grupo A.P., Nivel CD 14, CE anual de 8.305,50 euros actualizado 2019).

**TERCEIRO.-** Nomear ao aspirante aprobado Alberto del Río del Río como funcionario interino no posto orzamentado e vacantes da ficha nº14 da RPT de conserxe de colexio e outras instalacións municipais do Concello de Guitiriz, conforme ao establecido nas bases da convocatoria e nos artigo 10.1a) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; e artigo 23.2 a) da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

**CUARTO.-** De acordo coa base 8.4 da convocatoria pasan a formar parte da bolsa de emprego as persoas aspirantes que superaron todos os exercicios e non ocupan o posto de traballo:

Nº DE ORDE	NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN PARTE TEÓRICA	PUNTUACIÓN PARTE PRACTICA	TOTAL
1º	Lucía Santamarina Porto	7,864	9,038	16,902
2º	Roberto Losada Vázquez	8,465	8,371	16,836
3º	Ivana Rodríguez Paz	8,265	8,071	16,336
4º	Adriana Quijada López	7,864	8,071	15,935
5º	Jesús Pena Braña	5,795	9,038	14,833
6º	Sofía Sánchez Miragaya	5,729	8,371	14,10
7º	Queila Fernández Díaz	8,799	5,17	13,969
8º	Graciela Muñiz García	7,865	5,47	13,335
9º	Pilar Alaez Beade	5,062	8,071	13,133
10º	Iván Fernández Varela	5,929	7,104	13,033
11º	Úrsula Pena Miragaya	6,263	6,437	12,70
12º	Yomara Rodríguez Fernández	6,264	6,137	12,401
13º	Pablo Dios Souto	7,130	5,17	12,30

**QUINTO.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos, na páxina web e na sede electrónica municipal.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

A secretaria accdtal (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018)

María Sol Morandeira Morandeira

Yolanda Novo López

## Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 6LFNKCTA9RTTWWXVM4MNETR35 | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2